

Atlas de Flora Exótica Invasora de Galicia



Erigeron karvinskianus DC.

Esta composta ten a súa orixe en México, sendo citada en Galicia por vez primeira no ano 1950. O seu uso en xardinería foi o motivo da súa introdución, pero ao escapar facilmente dos cultivos, foi ocupando os muros, os empedrados e as fendeduras das rochas, sobre todo os umbríos. Forma un tapiz continuo que exerce unha forte competencia polos escasos recursos do sustrato, e impide o crecemento doutras especies típicas destes espazos como a herba das paredes (*Parietaria judaica*), os paxariños (*Cymbalaria muralis*), o pan de lagartos (*Sedum* sp.), o couselo (*Umbilicus pendulinus*), o fento das pedras (*Polypodium vulgare*), ou os musgos, liques etc., provocando unha perda de biodiversidade autóctona.

Colabora no Atlas escribindo a botanica@sghn.org

http://www.sghn.org/Seccion_Botanica/Seccion_Botanica.html

